



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 858 Semana do 11 ao 17 de novembro de 2019

O VI COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA APROBOU A CONVOCATORIA DO XIII CONGRESO DE UGT-GALICIA PARA OS DÍAS 29 E 30 DE SETEMBRO DE 2020 EN SANTIAGO

UGT-GALICIA APOSTA POR UN GOBERNO DE PROGRESO CUN PROGRAMA PARA RECUPERAR DEREITOS E REPARTIR RIQUEZA QUE RESOLVA XA OS PROBLEMAS DA CIDADANÍA

Para o Sindicato, os Orzamentos da Xunta na súa tramitación deberían apostar pola creación de emprego de calidade, apostar polo tecido produtivo e polos servizos públicos de calidade

Redacción.- O pasado mércores o VI Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, reuniuse no Hotel Congreso, en Teo, para analizar a situación actual, poñer enriba da mesa unha serie de propostas e traballar tamén en varios temas do eido interno do Sindicato, como foi a convocatoria do XIII Congreso de UGT-Galicia que se celebrará os días 29 e 30 de setembro de 2020 en Santiago.

Un dos primeiros temas de análise deste Comité, que reuniu á Comisión Executiva de UGT-Galicia xunto con delegados e cadros do Sindicato en representación de todas as súas estruturas, foi o resultado das eleccións xerais do pasado 10 de novembro. A primeiro conclusión foi que urxe un xiro social, para o cal o Comité aposta por un Goberno progresista cun programa que atenda as necesidades da maioría da cidadanía que non pode agardar máis. Urxe un programa de progreso que permita repartir a riqueza, recuperar dereitos e que garanta máis diálogo.

As familias non poden agardar máis porque tanto a desaceleración económica en Europa como a parálise política dende hai máis de medio ano neste país están a producir un freo no crecemento que as familias traballadores ven reflectido nos seus petos. Porque a precariedade laboral non deixa de medrar e os salarios non soben o suficiente, tras caer drasticamente dende o ano 2009.

Neste contexto, UGT esixirá ao novo Goberno que se configure tras as eleccións o desenvolvemento inaprazable da axenda social, que o Sindicato xa ten trasladado en reiteradas ocasións ás formacións políticas. Nesta senda figura a aprobación da ILP para unha nova prestación de ingresos mínimos, cuxa tramitación estivo paralizada en reiteradas ocasións; a creación de emprego decente e seguro; ampliar o nivel de cobertura das persoas desempregadas e a protección aos colectivos



máis vulnerables; a derogación das reformas laborais; unha reforma das políticas activas de emprego; a suba das pensións vinculadas ao IPC real e a derogación da reforma de 2013; a consecución da igualdade de trato e de oportunidades e non discriminación das persoas; e un reparto máis equitativo da carga fiscal e que os impostos non diminúan porque hai que dar benestar á cidadanía e servizos públicos de calidade.

Para tal fin, UGT vai propoñer ao novo Goberno abrir mesas de diálogo social que aborden cuestións como a necesidade dun pacto pola industria; aumentar os recursos da España baleirada; dar solución ao problema do prezo da enerxía; afrontar as consecuencias do quecemento global a través dunha transición enerxética xusta; fomentar a vivenda de iniciativa pública e un parque social de vivendas de aluguer; e facer fronte a un cambio lexislativo que permita exercer de xeito pleno os dereitos e as liberdades.

O Comité de UGT-Galicia tamén fixo unha análise sociolaboral da situación actual de Galicia, denunciando a involución do crecemento da economía que medra nun 2% no segundo trimestre deste ano pero con menos intensidade que en anos precedentes. Hai 164.307 persoas en Galicia que continúan sen ter emprego. Dende o comezo da crise perdéronse

preto de 110.700 empregos, o 9%, case a décima parte da ocupación. Hai actualmente 1.105.700 empregos, séguese evidenciando un retroceso en relación ao 2008.

A precariedade dos fogares galegos é manifesta, 50.100 con todos os seus activos no desemprego. Todo isto acompañado dunha drástica caída da taxa de cobertura por desemprego que, tras valores do 70% no 2011, están agora en tan só o 57,1%. E, ademais, esta é de carácter maioritariamente asistencial, o que conduce a moi baixos ingresos. A isto hai que engadirle as 75.134 persoas en desemprego que en Galicia non cobran ningún tipo de prestación e os 27.400 fogares nos que non entran ingresos. Todo isto leva consigo pobreza e altas taxas de risco de exclusión social.

En Galicia, o Comité denunciou a situación que está a atravesar o sector industrial que tamén amosa síntomas de desaceleración. Anuncios continuos de peches, falta de carga de traballo e ameazas motivadas polos altos prezos da enerxía ou o proceso de transición enerxética.

Por iso, UGT-Galicia considera que resulta inaprazable a posta en marcha dun plan industrial para esta Comunidade no que se aposte por actividades de alto valor engadido

e no que se aborde o problema enerxético. Outro reto é o da transición enerxética no que UGT sempre apostou por unha transición xusta cos territorios, o emprego e a cidadanía, un proceso no que ninguén quede atrás.

Para todo isto, o Goberno da Xunta conta cunha ferramenta básica, os Orzamentos, que amosan, os de 2020, unha freada nas previsión de emprego e crecemento económico. No proxecto de Orzamentos recóllese que o emprego medrará un 0,8% e a taxa se paro situarase nun 10,6% e en cifras absolutas o Goberno prevé crear entre 8.000 e 9.000 postos de traballo. Isto evidencia un mercado laboral en Galicia cada vez máis pequeno e menos dinámico.

Ante estas contas, o Comité Nacional demanda que na tramitación dos Orzamentos debería reconducirse a situación atendendo á xeración de emprego de calidade; a aposta polo tecido produtivo e a súa diversificación; e o reforzamento dos servizos públicos e a protección social.

No Comité Nacional de UGT-Galicia tamén se analizou a negociación colectiva e apostouse por continuar coas recomendacións do IV AENC en relación ao incremento salarial pactado, mellorando o poder de compra dos traballadores. Para iso, é preciso xeneralizar as cláusulas de garantía salarial e, para os salarios máis baixos, urxe acadar un salario mínimo de convenio de 14.000 euros



anuais. Tamén hai que seguir traballando en materia de igualdade, defender a participación sindical e incluír cláusulas relacionadas coa protección da saúde e seguridade dos traballadores.

Finalmente, o VI Comité Nacional de UGT-Galicia aprobou varias resolucións de urxencia enmarcadas na conxuntura actual. A primeira, en apoio ás mobilizacións dos traballadores de Barreras e para demandar da Xunta unha intervención activa na procura dunha solución inmediata que permita recuperar a actividade na factoría viguesa. No eido dos servizos públicos, aprobáronse tres resolucións, en apoio ás mobilizacións que se están levando a cabo en defensa da dependencia como servizo esencial e para denunciar a precarización

que están a vivir os traballadores que prestan este servizo; outra, para demandar soporte orzamentario en 2020 para o desenvolvemento do Acordo de concertación no emprego público en materia de salarios, emprego e dereitos; e unha terceira resolución de apoio ás mobilización e convocatoria de folga para o 12 de decembro para demandar a reversión gradual dos recortes no eido do ensino público en Galicia. No contexto internacional, o Comité tamén aprobou unha resolución contra a represión do pobo chileno e en demanda de diálogo coa unidade social e contra o golpe de Estado en Bolivia e chamando a que as institucións democráticas do país andino retomen o control para resolver, nun marco de eleccións xustas e libres, e non violencia, a situación.

ARRANCA O CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS POLA RECUPERACIÓN DOS DEREITOS PERDIDOS EN EDUCACIÓN

O día 12 de decembro os sindicatos convocaron folga no sector

Redacción.- Este mércores pola mañá arrancou en Santiago, cunha concentración fronte á Consellería de Educación, a campaña de mobilizacións dos profesores galegos do ensino público pola recuperación dos dereitos perdidos. Lembrar que o vindeiro día 12 de decembro FeSP, xunto cos outros sindicatos galegos do eido do ensino, convocaron unha xornada de folga seguindo con este calendario de mobilizacións.

A negativa de Educación a negociar sobre a recuperación dos horarios lectivos existentes antes dos recortes do ano 2011 é a orixe do conflito.

Para a secretaria do sector de Ensino de FeSP-UGT, Paula Carreiro, esta actitude constitúe “un menosprezo á labor do profesorado. Na época dos recortes, se lles apertou o cinto ao máximo e despois, coa recuperación, os incrementos de orzamento van para outras partidas, deixando de lado ao profesorado”.

O argumento dos responsables da Consellería de Educación é que non van negociar nada, ata que non se lles conceda un incremento orzamentario por parte do Goberno central para implantalos. Curiosamente, noutras comunidades recuperouse o horario lectivo sen modificación algunha no orzamento. Incluso, a Consellería recoñeceu que no caso de primaria, apenas habería repercusión no orzamento, xa que “non se modificou a lei de catálogos”. Esta afirmación aínda fai máis incomprensible a postura da Consellería.

Hai que recordar que as organizacións sindicais están a reclamar a re-



cuperación dun horario lectivo recortado por Feijóo con anterioridade ao RD 14/2012, que vén de ser derogado polo Goberno do Estado. En concreto, demandábase a volta aos 18 períodos lectivos máximos en secundaria e aos 21 en primaria, un dereito que xa recuperaron 7 comunidades autónomas. Ademais, recobrar os horarios lectivos subtraídos non significará menos horas de traballo, senón de docencia.

OS TRABALLADORES DE BARRERAS DEMANDAN A REACTIVACIÓN DO ESTALEIRO E A IMPLICACIÓN DA XUNTA NA SOLUCIÓN DESTE CONFLITO

Continúan as mobilizacións

Redacción.- Os traballadores de Barreras continúan co seu calendario de mobilizacións con sendas concentracións ás portas do estaleiro os días 12 e 14. O día 19 está prevista unha manifestación que sairá ás 11.00 horas de Barreras para rematar cunha concentración fronte á sede da Xunta en Vigo.

Os traballadores reclaman solucións que permitan a reactivación do estaleiro para poder dar cumprimento aos diferentes pedidos existentes.

Se o problema non é financeiro, nin tampouco de capacidade técnica como di o conselleiro, o que non se pode permitir é que os accionistas continúen



bloqueando unha saída que permita recuperar a actividade.

Sería unha irresponsabilidade por parte da Xunta non forzar unha solución nesta fase de pre-concurso, antes

de que esta situación se complique aínda máis.

Os despedimentos e a falla de actividade xa está afectando a máis de 1.000 traballadores.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DE UNITONO EN OURENSE CONTRA A DESLOCALIZACIÓN DO SERVIZO

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Unitono en Ourense concentráronse este xoves diante da tenda que Naturgy ten na cidade das Burgas para denunciar a deslocalización do servizo e que 130 postos de traballo continúan no limbo.

Lembrar que dende hoxe o servizo de atención ao cliente de Naturgy, tanto luz como gas, que ata o momento se prestaba dende os centros da Coruña e Ourense, desaparecerá. Unha parte deste servizo prestarase dende Reus e outra dende Colombia.

Isto trae varias consecuencias. Quedará mermada a calidade da atención porque nas novas subcontratas búscase a redución de custes e quedan no aire 130 postos de traballo, xa que Unitono aínda non especificou que fará cos seus traballadores.

Para o Comité, nesta situación hai tres responsables. Naturgy, por prescindir do



actual servizo co fin de aforrar custes a costa da calidade e proximidade; a Xunta que mirou durante todo este tempo, como ven facendo con outras empresas, cara outro lado en vez de poñer enriba da mesa medidas para frear este tipo de estratexias empresarias; e Unitono, que en dez anos non se preocupou de buscar novos clientes e deu a calada por resposta cando os traballadores lle advertiron

en reiteradas ocasións que isto ía pasar. O Comité insta a Unitono a que aclare que vai pasar cos 130 postos de traballo e pide á cidadanía que tome conciencia do problema e denuncie con cartas dirixidas a Naturgy contra a súa política de agresividade empresarial que conduce, despois de explotar durante moitos anos os recursos naturais de Galicia, a levarse agora o traballo cara fóra.

delegados que se elixían.

UGT gaña as eleccións no Concello de Pontearreas e en Tranvías Ferrol

Redacción.- UGT vén de gañar as eleccións sindicais no Concello de Pontearreas, pasando dun a cinco delegados.

Entre os laborais UGT obtivo tres delegados e CCOO, CSIF e CIG dous cada un deles. Os dous delegados que se elixían

entre os funcionarios foron para UGT.

Por outra banda, na compañía Tranvías de Ferrol, que presta o servizo de transporte urbano na cidade departamental e noutros concellos da comarca, UGT tamén gañou as eleccións, con dous dos tres

delegados que se elixían. Así, tanto FeSP como FeSMC, as dúas federacións do Sindicato das que dependen ambos procesos, saúdan os resultados e agradecen a confianza depositada polos traballadores tanto do Concello de Pontearreas, no primeiro caso, como de Tranvías Ferrol, no segundo, no traballo realizado por UGT ata o momento e no proxecto de futuro presentado.

UGT RECLAMA MÁIS PREVENCIÓN PARA ACABAR COA SINIESTRALIDADE LABORAL NO SECTOR AGRARIO

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García, lembrou que, durante 2018, “faleceron 74 traballadores e traballadoras no sector agrario durante a xornada laboral e 13 faleceron nun accidente in itinere. Ademais 35.400 sufriron un accidente con baixa durante a súa xornada laboral e 2.129 un accidente con baixa in itinere”.

Ademais, “ata o mes de agosto de 2019 faleceron 31 traballadores e traballadoras do sector agrario durante a xornada laboral e 2 in itinere. Producíronse un total de 24.858 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral e 1.416 accidentes con baixa in itinere”.

Ana García denunciou estas estatísticas durante a xornada da Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros (UPA-UGT) para presentar o proxecto “Agripreven II: No campo traballa sen risco, a prevención está na túa man”, unha iniciativa “para axudar a crear cultura preventiva, algo do que se fala moito pero que aínda segue sendo unha materia pendente 24 anos despois”.

O sector agrario, moi exposto á sinistralidade

Durante a súa intervención, manifestou que o sector agrario “é un dos sectores con maiores índices de sinistralidade da economía española. No mesmo predominan os traballadores autónomos e as microempresas, así como os traballadores temporais debido á estacionalidade dos cultivos e tarefas, o que provoca grandes cargas de traballo durante a recolección, por exemplo. O sector agrario é un sector caracterizado por estar altamente masculinizado e máis envellecido que a media, no que os centros de traballo adoitan estar dispersos e é frecuente que teñan difícil acceso”.

Esta estacionalidade dos traballos “propicia que sexa necesaria moita man de obra para períodos concretos, polo que con frecuencia contrátanse traballadores doutras nacionalidades con dificultades no coñecemento do idioma. Este feito, unido á falta de formación e a falta de realización da vixilancia da saúde fai que a sinistralidade se dispare.



Por tanto, a temporalidade do sector vai da man coa súa alta sinistralidade, xa que hai evidencias que demostran que os traballadores temporais sofren máis accidentes de traballo”.

Ademais, lembrou que “nas explotacións agrícolas ou gandeiras realízanse moitas tarefas diferentes que xeran unha gran cantidade de riscos específicos. As tarefas propias da actividade, xunto con outras xerais como puidesen ser as tarefas de mantemento das instalacións, o uso de maquinaria pesada, de fitosanitarios, as elevadas esixencias físicas do traballo, o illamento deste colectivo de traballadores, unido ás condicións ambientais xeran, sen dúbida, unha gran cantidade de riscos laborais aos que están expostos os traballadores do sector”.

Máis prevención por parte das empresas

A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT afirmou que, segundo os datos de accidentes de traballo facilitados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para o ano 2018, “a incidencia do sector primario (5.297,9 total de accidentes de traballo por cada 100.000 afiliados á Seguridade Social) está por encima da media do total nacional (3.408,7)”.

Neste sentido, sinalou que “entre as actividades prioritarias en función

da sinistralidade, identificadas polo Observatorio Estatal de Condicións de Traballo para 2018, atópase a rama de actividade de Agricultura, Gandería, Caza e Servizos relacionados coas mesmas, dado a alta incidencia que presenta e o elevado número de traballadores expostos aos riscos da actividade”.

Doutra banda, considerou que “a rama de actividade de silvicultura e explotación forestal é a que rexistra o segundo maior índice de incidencia de accidentes con baixa de 2018, con 15.434,2 accidentes con baixa por cada 100.000 afiliados á Seguridade Social con continxencia de accidentes de traballo cuberta”.

Para UGT, “resulta imprescindible unha maior avaliación e prevención dos riscos laborais neste sector por parte dos empresarios. Desde o sindicato saudamos, por exemplo, que o Plan Nacional de Sensibilización en Prevención de Riscos Laborais no Sector Agrario estea dedicada ao envorcado dos tractores”.

“A formación e información sobre a prevención destes riscos aos traballadores é indispensable”, manifestou, “as cales deben ser facilitadas polo empresario. A vixilancia da saúde é outro dos elementos craves da xestión preventiva. No sector agrario é realmente importante unha adecuada xestión da prevención dos riscos laborais presentes nas diferentes explotacións co fin de acabar con esta secuela”.


UGT e CCOO REAFIRMAN A SÚA TOTAL CONDENA DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Redacción.- Ambos os sindicatos chaman á participación nas distintas mobilizacións convocadas para o día 25 polo conxunto de organizacións de mulleres, sociais e sindicais, para manifestar o seu compromiso e repulsa contra todo tipo de violencia contra as mulleres.

UGT e CCOO fixeron público un manifesto no que instan aos distintos gobernos, autoridades e organismos europeos e internacionais, e de maneira especial ao Goberno central, que atendan os compromisos do Convenio de Istambul (2011), así como os obxectivos da Axenda 2030 de Nacións Unidas que sitúan a igualdade de xénero e o empoderamento de mulleres e nenas no centro do desenvolvemento sustentable. Reclaman así mesmo ao Goberno a

ratificación dos convenios 189 e 190 da OIT.

CCOO e UGT esixen tolerancia cero contra a violencia de xénero e reafirman o seu compromiso coa loita pola erradicación de todo tipo de condutas de violencia contra as mulleres e pola mellora dos seus dereitos e da súa protección, entendendo que se debe denunciar e participar activamente contra a terrible situación que sofren as mulleres a mans das súas parellas e exparejas, o acoso sexual, o acoso por razón de sexo no traballo, incluído o acoso por internet.



UGT e CCOO esixen igualmente que se actúe coa maior celeridade posible sobre as causas e as aterradoras consecuencias que eses ataques carrexan á seguridade, a saúde, a integridade física e psíquica, a dignidade, e a vida persoal e laboral das mulleres.

UGT INSTA AO NOVO GOBERNO E AOS EMPRESARIOS A QUE OS SALARIOS MÍNIMOS SUBAN A 1.000 €

Redacción.- Os datos de IPC publicados esta semana polo INE, correspondentes ao mes de outubro, repiten a mesma taxa anual que o mes anterior, é dicir, o 0,1%, mantendo a tónica de inflación moi baixa que comezou en abril.

Os responsables desta baixa inflación, próxima a cero, son a tendencia descendente que desde o mes de abril experimentan os prezos da electricidade, moi relacionado cos baixos prezos do gas nos mercados internacionais, e a baixada, desde o verán, do petróleo nestes mesmos mercados.

Se se toma en conta a inflación subxacente, que elimina o efecto dos prezos enerxéticos e doutros compoñentes moi variables da inflación, vemos que se sitúa en cifras maiores, o 1%. Trátase dunha tendencia á inflación historicamente moi baixa, comparado cos valores superiores ao 2% que esta variable promediaba, por exemplo, na década anterior á crise.

Para UGT, estes datos non fan máis que evidenciar a necesidade de que aumenten os salarios dos traballadores e traballadoras do noso país. Son compatibles ganancias de poder adquisitivo e subidas salariais con con-



tornas de inflación estable e controlada, a condición de que haxa un comportamento responsable das marxes empresariais. A CEOE acordou que o salario mínimo de convenio ten que subir a 1.000€ mensuais, de acordo co AENC, que finaliza precisamente en 2020.

Ademais, UGT sinala que este escenario de baixa inflación repítese por toda Europa. Como mencionou o Banco Central Europeo, a política fiscal, é dicir o investimento e o gasto dos Estados, deberían acompañar a

esta situación. Para o sindicato, sería unha boa reflexión para o novo Goberno, sobre todo para a elaboración dos novos Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2020.

É importante que os salarios suban para incentivar a demanda interna e así apontoar a economía e contrarrestar a desaceleración que está motivada fundamentalmente por factores esóxenos, como o Brexit ou a guerra comercial, pero que se pode ver acentuada precisamente por unha retracción do consumo.

UGT FAI UN CHAMAMENTO A UTILIZAR A MEDIACIÓN DO SIMA NOS CONFLICTOS LABORAIS

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, inaugurou unha xornada de estudo e difusión da solución autónoma de conflitos laborais organizada polo sindicato en colaboración co Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA).

Pino explicou que un dos obxectivos da xornada é que se coñeza o relevante papel do SIMA, “unha potente ferramenta que temos ao noso alcance, aínda que despois de 20 anos, non está a ser utilizada suficientemente”.

“Cando se produce un conflito na negociación colectiva a única vía que queda é a da mediación e a arbitraje”, sinalou, “trátase dunha ferramenta que permite buscar equilibrios no desconcerto que se produce na negociación dun conflito, pero en moitos casos nin os empresarios nin os traballadores usan”.

Nese sentido, Gonzalo Pino chamou á

utilización deste instrumento porque “reducirá a conflitividade no conxunto do mercado de traballo e vai protexer os intereses tanto dos traballadores como dos empresarios minimizando o conflito”.

“Hai elementos que aparecen como novos focos de conflitividade na negociación colectiva, que xa de por si é sempre un conflito de intereses, que teñen que ver cos cambios de normas que tivemos nos últimos tempos”, explicou, “cuestións como o rexistro horario, a nova Lei de igualdade, o SMI trasladan á negociación colectiva como se deben levar á práctica e como será o seu cumprimento cando a norma tñao que pechar”.

“No seu momento xa expomos que estas normas, convivindo coa reforma laboral, ían dificultar moito a negociación, algo que engade novas dificultades e ante elas o SIMA resulta fundamental”, engadiu.

A mediación e a arbitraje achegan equilibrio ás negociacións

Gonzalo Pino destacou que “hai que buscar solucións novas e imaxinativas que supoñan a mellora das capacidades das persoas responsables da negociación colectiva. Por suposto, tamén da resolución das situacións que se presentan entre as partes. A mediación e a arbitraje son desexos que merecen ser máis coñecidos pola efectividade que achegan ao sistema de relacións laborais pero tamén se deben complementar con outras medidas proactivas”.

“Por todo iso”, dixo, “debemos seguir confiando na experiencia acumulada dos sistemas de solución autónoma. E, non soamente afianzando o labor que asumen as persoas mediadoras, – ofrecendo alternativas ás partes en conflito para que melloren a súa relación e continúen a negociación colectiva-, se non ampliando, tamén, a axuda para propiciar espazos de cooperación”.

UGT DEMANDARÁ SANCIONS MÁIS ELEVADAS PARA AS EMPRESAS QUE INCUMPRAN OS PLANS DE IGUALDADE

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, manifestou durante a súa intervención no curso “Brecha de xénero e negociación de plans de igualdade nas empresas” organizado por UGT,, que “neste momento as mulleres sufrimos discriminación dentro do mercado laboral e fóra, na nosa vida cotiá”.

Antoñanzas destacou que “as mulleres sofren discriminación no ámbito familiar ou persoal ocupándose maioritariamente das tarefas domésticas e de coidados, de feito, 9 de cada 10 excedencias son solicitadas por mulleres e máis do 95% das persoas ocupadas a tempo parcial por coidado de nenos, enfermos ou anciáns, son mulleres”.

“Ademais, as mulleres sofren discriminación nas empresas e, neste contexto o RD 6/2019, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación supuxo un avance pero é insuficiente. Esperamos que, co novo Goberno, desde o diálogo social podamos seguir mellorando neste terreo, tras o acordo estamos esperanzados”.

Cristina Antoñanzas explicou que, aínda que a extensión dos plans de igualdade a de empresas con máis de 250 traballadores a de empresas con máis de 50 traballadores “foi

un logro sindical, pero a finais do pasado mes de xullo menos do 15% das empresas con máis de 250 traballadores dispoñían dun. Apenas o 8% (un 7,91%) das empresas cumpriron coa súa obriga legal”.

Antoñanzas lembrou “a importancia de coñecer a situación de cada empresa porque é necesario que os diagnósticos correspondan fielmente á realidade. Para iso, hai que lembrar que as empresas están obrigadas a facilitar todos os datos, xa que os diagnósticos deben ser negociados coa representación legal dos traballadores e realizarse no seo da Comisión negociadora do plan”.

“Ademais”, engadiu, “é evidente que son necesarios recursos económicos e humanos así como formar a negociadoras e negociadores e, sobre todo, evitar que os plans de igualdade encárguense a empresas privadas que elaboren documentos “tipo” sen contido útil, só para cumprir coa lei”.

É necesario desenvolver o regulamento

A vicesecretaria xeral de UGT destacou que “hai que esperar ao desenvolvemento regulamentario da Real Decreto-Lei porque hai que establecer os criterios para a elabo-



ración dos plans, a necesidade de que os diagnósticos respondan á realidade da empresa, as sancións por non adecuarse á vandita realidade, así como as auditorías salariais e os sistemas de seguimento e avaliación”.

“Nin a normativa anterior nin a posterior a marzo de 2019, establecen ningún tipo de control por parte da administración sobre o contido adecuado e correcto dos plans de igualdade, que garantan a súa utilidade, por iso hai que formar e dotar de recursos humanos suficientes á Inspección de Traballo para que leve a cabo este control”.

“UGT está a desenvolver unha campaña para esixir o cumprimento deste dereito e vixiará todos os plans de igualdade, o seu contido execución e avaliación. Ademais, denunciará o seu incumprimento e demandará un aumento das sancións”.